

XVII CARREIRA POPULAR ROTA DO ROMÁNICO CONCELLO DE PANTÓN



Sábado 27 de maio de 2017.

Categorías menores: 18:00h

Adultos: 19:00h

Organiza:

Concello de Pantón

Lodeco S.L.U.

Colabora:

Federación Galega de Atletismo

Patrocina:

Concello de Pantón

Regulamento:

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.

Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe proporcionado pola organización excepto para os propietarios de chip amarelo que poden utilizar o seu.

A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da F.G.A., e R.F.E.A. en vigor.

CARREIRA ABSOLUTA

Categorías:

Estableceranse as seguintes categorías masculinas e femininas:

Categoría E.....nad@s entre 1998 e 2001.

Categoría F.....nad@s entre 1983 e 1997.

Categoría G.....nad@s entre 1973 e 1982.

Categoría H.....nad@s entre 1963 e 1972.

Categoría I.....nad@s entre 1962 e anteriores.

INSCRICIÓNS:

Inscricións on-line na páxina www.championchipnorte.com

Inscricións presenciais a partir do martes 9 de maio no edificio sociocultural de Ferreira 2ª planta.
Peche de inscricións o xoves 25 de maio.

Non se aceptan inscricións por teléfono ou fax

Para poder inscribirse tanto on-line como presencialmente serán obrigatorios os seguintes datos:

-Nome

-Apelidos

-Data de nacemento

-DNI

-Club (no caso de telo)

-Localidade

-Teléfono Móbil

A organización reservarase o dereito de non inscribir a que non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

Percorrido:

6 ,27Km

ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba (27 de maio) na carpa da organización sita na diante do edificio sociocultural de 16:30 a 18:30

PEMIOS POR CATEGORÍAS ADULTOS

1º/1ª Clasificad@ de cada categoría.....Trofeo

2º/2ª Clasificad@ de cada categoría.....Trofeo

3º/3ª Clasificad@ de cada categoría.....Trofeo

Avituallamento final para tod@s @s atletas que rematen a proba, na zona habilitada pola organización.

-INFORMACIÓN E RESULTADOS:

Na páxina web oficial da proba: www.championchipnorte.com

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

-Gardarroupa: todos aqueles que o desexen poderán facer uso do servizo gardarroupa habilitado pola organización.

-Duchas: unha vez rematada a proba estarán a disposición dos atletas as duchas no complexo deportivo Montebaliño situado a 1 Km da meta.

CARREIRA CATEGORÍAS MENORES

Haberá unha proba non competitiva para rapaces nados despois do ano 2012.

A distancia será aproximadamente de 50 metros e non haberá clasificacións.

Todos os participantes recibirán unha medalla conmemorativa.

Será necesaria a inscrición previa no mesmo prazo que o resto de categorías menores.

CATEGORÍAS:

Estableceranse as seguintes categorías masculinas e femininas:

Categoría A.....nad@s entre 2010 e 2012.

Categoría B.....nad@s entre 2008 e 2009.

Categoría C.....nad@s entre 2005 e 2007.

Categoría D.....nad@s entre 2002 e 2004.

INSCRICIÓN

Inscricións por correo electrónico en culturapanton@hotmail.com a partir do martes 9 de maio.

Inscricións presenciais a partir do martes 9 de maio no edificio sociocultural de Ferreira

Peche de inscricións o xoves 25 de maio.

Non se aceptan inscricións por teléfono ou fax

Para poder inscribirse tanto on-line como presencialmente serán obrigatorios os seguintes datos:

-Nome

-Apelidos

-Data de nacemento

-Club (no caso de telo)

-Localidade

A organización reservarase o dereito de non inscribir a que non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

PERCORRIDO:

Categoría MINI: 18:00h..... 50m.

Categoría A: 18:05h..... 400m.

Categoría B e C: 18:15h..... 800m.

Categoría D 18:30h:..... 1100m.

ENTREGA DE DORSAIS

Os dorsais entregaranse o día da proba (27 de maio) na carpa da organización sita na explanada diante do centro sociocultural de 16:30 a 17:30

PREMIOS:

Trofeo para @s dous primeir@s categoría e medalla para os terceir@s.

Avituallamento final para todos os que rematen a proba.